

Declaración responsable na que se compromete a cumprir e achegar toda a documentación necesaria para xustificar o cumprimento do indicado no punto 11, letra c), do artigo 17 do Real decreto 691/2021, do 3 de agosto.

Programa de axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes en municipios de reto demográfico, incluído no Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de rehabilitación e rexeneración urbana do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (programa PREE 5000), para a anualidade 2022, con carácter plurianual (código de procedemento VI406D).

D./D^a
co NIF , no seu propio nome ou na representación de , co NIF
 en cualidade de

DECLARA

Que presenta a solicitude para o Programa enriba indicado,

E SE COMPROMETE A:

Cumprir e achegar toda a documentación necesaria para xustificar o cumprimento do indicado no punto 11, letra c), do artigo 17 do Real decreto 691/2021, do 3 de agosto¹, nos termos establecidos no punto 3, letra j), do ordinal décimo oitavo da Resolución do 26 de outubro de 2021².

Para a xustificación do cumprimento de tal punto, e de acordo co indicado no punto 3, letra j), do ordinal decimo oitavo da Resolución do 26 de outubro de 2021, deberase achegar o proxecto ou memoria técnica onde se inclúa un estudo de xestión de residuos de construción e demolición, así como do correspondente plan de xestión dos residuos de construción e demolición en que se concrete como se aplicará, segundo o regulado polo Real decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición. A xustificación do anterior realizarase da forma seguinte:

- 1) Para a correcta acreditación do cumprimento da valorización do 70 % dos residuos de construción e demolición (artigo 17.11.c), o adxudicatario presentará unha memoria resumo onde se recolla a cantidade total de residuos xerados, clasificados por códigos LER, e os certificados dos xestores de destino, onde se indique a porcentaxe de valorización acadada en cada unha das instalacións. Os residuos perigosos non valorizables non se terán en conta para a consecución deste obxectivo.
- 2) O cumprimento do establecemento de medidas para realizar unha demolición selectiva acreditarase mediante os códigos LER incluídos nos certificados expedidos polos xestores como xustificación da entrega dos residuos xerados. Estes códigos serán os correspondentes ás fraccións retiradas selectivamente, como por exemplo 170101, 170102, 170201, 170202, 170203, 170402, 170403 ou 170405.

1 <https://www.boe.es/eli/es/rd/2021/08/03/691>

2 https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211104/AnuncioC3Q2-261021-0001_es.html

- 3) No caso de que se valoricen residuos na propia obra, o adxudicatario incluírá na memoria resumo información sobre as cantidades valorizadas, por código LER e os medios utilizados (planta móbil, xestor, etc.).
- 4) No caso de que se utilicen áridos reciclados procedentes de residuos, o adxudicatario incluírá na memoria resumo a documentación que acredite a compra destes materiais, en que indicarán a cantidade e o tipo de material.
- 5) No caso de que se produzan residuos de amianto, será necesario xustificar o seu adecuado tratamento a través da notificación previa do traslado dos residuos de amianto desde o lugar de xeración ata o xestor de residuos e os documentos de identificación dos traslados de residuos asociados a eses movementos, en aplicación do Real decreto 553/2020³, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.

En caso de incumprimento deste compromiso, producirase a perda do dereito á percepción da axuda outorgada, e comportará de ser o caso, o reintegro das cantidades aboadas ata ese momento, incrementadas cos xuros de demora desde a data do seu pagamento.

Data:

Asinado:

³ <https://www.boe.es/eli/es/rd/2020/06/02/553/con>